

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
Documento	Expediente	Fecha
CMGZI28Z	CON/10/2014	18-11-15 10:47

Número 74 .- Adjudicación do contrato de "Traballos de actualización do catastro sobre inmobles urbanos e inmobles rústicos con construcións".

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 13 de novembro de 2015, adoptou o seguinte acordo:

74 .- ADJUDICACIÓN DO CONTRATO DE "TRABALLOS DE ACTUALIZACIÓN DO CATASTRO SOBRE INMOBLES URBANOS E INMOBLES RÚSTICOS CON CONSTRUCIÓN".

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda, de data 3 de novembro de 2015 e do informe favorable nº 2015/801, da técnico de Intervención que conta co conforme da Interventora xeral municipal, de data 10 de novembro de 2015.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**María Rozas Pérez**, concelleira delegada de economía e facenda, e presidenta da mesa de contratación da licitación "Traballos de actualización do catastro sobre inmobles urbanos e inmobles rústicos con construcións", conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 16/06/2015,

EXPÓN:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMGZI28Z	<i>Expediente</i> CON/10/2014	<i>Fecha</i> 18-11-15 10:47

Primeiro: Con data 13 de maio de 2015, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador **EIBISA NORTE SL**.

Segundo: Con data 20 de outubro de 2015, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da resolución do TACRC relativo ó recurso interposto pola antedita empresa, e de conformidade con él, e logo de analizar a documentación acreditativa da súa solvencia económica e técnica así como da súa capacidade de obrar, considérase acreditada a mesma.

En consecuencia, e conforme ao acordado nas correspondentes mesas de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

PRIMEIRO: Rexeitar a oferta presentada pola empresa **ASESORES LOCALES CONSULTORIA** por non aportar debidamente asinada a súa proposición, incumprindo o requerimento taxativo do prego recollido no último párrafo do apartado 6.6, onde se sinala claramente que esta circunstancia será motivo de exclusión da licitación, dándose a opción de subsanación ao apoderado representante da empresa no acto público de apertura de ofertas, feito que non tivo lugar neste expediente dada a súa inasistencia a este acto.

SEGUNDO: Rexeitar a oferta presentada pola empresa **LA AUXILIAR DE RECAUDACION SL**, por non reunir os requisitos de solvencia técnica definidos na cláusula 6.2.2 do prego administrativo de aplicación, ~~debendo devolverse toda a documentación aportada así como as cantidades económicas depositadas en concepto de fianza e taxas.~~

TERCEIRO: Deixar sen efecto o requirimento realizado á empresa **SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL SL**, para que xustificara documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, así como a acreditación da súa solvencia económica e técnica, e que procedera ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes, ~~debendo devolverse toda esta documentación e cantidades económicas no caso de ter sido xa entregadas.~~

CUARTO: Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **EIBISA NORTE SL**, que oferta un importe de 42,50 euros (incluíndo o IVE) por cada ben inmoible urbano ou por cada inmoible rústico con contrucións



<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMGZ128Z	<i>Expediente</i> CON/10/2014	<i>Fecha</i> 18-11-15 10:47

Sello o Certificación Mecánica

existentes que se actualice na base de datos, ó ser a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo compromete un local en casco urbano próximo as dependencias dos servizos económicos municipais, a preparación en formato catastral das depuracións de enderezos tributarios e inclusión na base de datos catastral xunto coa entrega mensual, a localización de omisións por contraste vuelos/cartografía catastro e a colaboración no proceso de localización de omisións por medios distintos ao contraste reflicitado no punto anterior, e preparación dos expedientes para inspección.

Designase como técnico municipal responsable do contrato a D. Luis Díaz Vilariño, xefe da sección de catastro e IBI.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **030 93100 22706**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2015: 10.000 euros.
Anualidade 2016: 120.000 euros.
Anualidade 2017: 120.000 euros.
Anualidade 2018: 110.000 euros."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

PRIMEIRO: Rexeitar a oferta presentada pola empresa ASESORES LOCALES CONSULTORIA por non aportar debidamente asinada a súa proposición, incumprindo o requerimento taxativo do prego recollido no último párrafo do apartado 6.6, onde se sinala claramente que esta circunstancia será motivo de exclusión da licitación, dándose a opción de subsanación ao apoderado representante da empresa no acto público de apertura de ofertas, feito que non tivo lugar neste expediente dada a súa inasistencia a este acto.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMGZI28Z	<i>Expediente</i> CON/10/2014	<i>Fecha</i> 18-11-15 10:47

SEGUNDO: Rexeitar a oferta presentada pola empresa LA AUXILIAR DE RECAUDACION SL, por non reunir os requisitos de solvencia técnica definidos na cláusula 6.2.2 do prego administrativo de aplicación, debendo devolverse toda a documentación aportada así como as cantidades económicas depositadas en concepto de fianza e taxas.

TERCEIRO: Deixar sen efecto o requirimento realizado á empresa ~~SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL SL~~, para que xustificara documentalmente estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, así como a acreditación da súa solvencia económica e técnica, e que procedera ao aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes, debendo devolverse toda esta documentación e cantidades económicas no caso de ter sido xa entregadas.

CUARTO: Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **EIBISA NORTE SL**, que oferta un importe de 42,50 euros (incluíndo o IVE) por cada ben inmoible urbano ou por cada inmoible rústico con contruccións existentes que se actualice na base de datos, por ser a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo compromete un local en casco urbano próximo as dependencias dos servizos económicos municipais, a preparación en formato catastral das depuracións de enderezos tributarios e inclusión na base de datos catastral xunto coa entrega mensual, a localización de omisións por contraste vuelos/cartografía catastro e a colaboración no proceso de localización de omisións por medios distintos ao contraste reflicitado no punto anterior, e preparación dos expedientes para inspección.

Designase como técnico municipal responsable do contrato a D. Luis Díaz Vilariño, xefe da sección de catastro e IBI.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **030 93100.22706**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercizos orzamentarios:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMGZI28Z	<i>Expediente</i> CON/10/2014	<i>Fecha</i> 18-11-15 10:47

Anualidade 2015: 10.000 euros.
Anualidade 2016: 120.000 euros.
Anualidade 2017: 120.000 euros.
Anualidade 2018: 110.000 euros.

**O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE
SANTIAGO**



Asdo: Xan Xesús Duro Fernández

